

Declara a guerra á fame

Campaña de Mans Unidas 2026

Un ano máis a campaña de Mans Unidas convidanos a espertar a conciencia cun xesto persoal e sinxelo ante o desafío que segue significando a fame e a pobreza extrema de moitos no mundo.

E ante os moi graves conflitos que arrasan pobos e nacións estes días, propóñennos que “fagamos a guerra á fame”; e que, para iso, busquemos con urxencia camiños de paz e loitemos por ela. Porque a paz non é só ausencia de violencias e de guerra; é tamén respecto da xustiza e do dereito, mantense cando as persoas poden vivir con dignidade. E por iso, falar de paz non nos afasta da misión específica de Mans Unidas: promover a contribución de todos na loita contra a fame, a miseria e a desigualdade.

Hai unha conexión profunda entre a paz e o desenvolvemento xusto. Onde falta o pan, onde se pechan as portas da educación, onde o traballo non existe ou se volve escravitude, a vida rompe e a convivencia faise fráxil. A fame e as situacións de miseria son un sufrimento inmenso, e moitas veces son tamén causa de conflitos, alimentados pola desesperación, a exclusión e a violencia; e, por suposto, increméntanse coas quebras da convivencia e as guerras. Por iso podemos dicir con claridade: a paz é necesaria para loitar contra a fame, e o desenvolvemento xusto é un camiño imprescindible para unha paz duradeira.

Así pois, este ano Mans Unidas quixo poñer o acento na paz como resposta concreta á fame. A súa campaña lémbra-nos a orixe eclesial e o acento profético desta obra: mulleres crentes de Acción Católica que decidiron non resignarse ante o sufrimento de tantos irmáns e comprometéronse a erradicar a fame no mundo. Ese espírito segue vivo hoxe cando Mans Unidas acompaña no Sur iniciativas que fomentan o desenvolvemento e evitan a exclusión social, a profundización das desigualdades, a vulneración de dereitos humanos e o incremento da fame e a pobreza.

E tamén alí onde o estalido da violencia non puido evitarse, a súa axuda segue sendo un signo de esperanza: proxectos de acción humanitaria en zonas de conflito, atención ás vítimas – especialmente á infancia–, apoio a refuxiados e desprazados, e reconstrución de infraestruturas e servizos básicos danados pola guerra. Todo iso é unha forma concreta de sementar paz: non con discursos, senón sostendo a vida.

A campaña deste ano obedece así tamén á invitación insistente do Papa León XIV a abandonar o “paradigma da guerra”. Non se trata só de rexeitar as armas, senón de rexeitar a lóxica da inimizade, a indiferenza, a mentira e o odio. O cristián non pode afacerse a unha mentalidade semellante, aínda que domine por un instante a propia sociedade. A paz comeza no corazón e aí debemos defendela en primeiro lugar; ten a súa raíz na fe, é froito da caridade, e maniféstase en respecto da dignidade de todos, en procura real de xustiza e fraternidade.

Acollamos esta campaña como unha chamada do Evanxeo. Que a nosa oración pola paz sexa sincera e perseverante. Que a distancia ou a rutina non nos volvan indiferentes ante a dor allea, ante o sufrimento da miseria e da fame. Pensemos no noso modo de vivir, non esteamos faltos de solidariedade, de proximidade, de coidado do máis débil. Con xestos sinxelos, co rexeitamento do mal e a fe do corazón, cunha renuncia ou unha axuda, traballamos pola paz. En particular, con ocasión desta campaña, apoiemos con xenerosidade e responsabilidade o labor de Mans Unidas.

Pidamos á Virxe María, Raíña da Paz, que nos ensine a mirar o mundo cos ollos do seu Fillo, a non esquecer nunca que Deus é o noso Pai e nós irmáns. A quen traballa pola paz o Señor promete a benaventuranza de ser chamados “fillos de Deus”; que El nos conceda facer posibles fraternidade e xustiza verdadeira, declarar unha pacífica guerra á fame, nas moitas formas en que segue sendo causa de sufrimento no noso mundo.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo